

compensatoria, no ano 2007, establece no seu capítulo II as disposicións sobre a xestión de dereitos do réxime do pagamento único e, entre elas, o artigo 7 refírese ao acceso á reserva nacional, sinalando que os agricultores que desexen solicitar dereitos de pagamento único con cargo a esta reserva para o 2008 deberán presentar a súa solicitude entre o 1 e o 30 de setembro do ano anterior, previsión establecida tamén no artigo 9 bis do Real decreto 1617/2006, do 30 de decembro.

Conforme a habilitación establecida neste real decreto, a Orde APA/2528/2007, do 16 de agosto (BOE nº 202, do 23 de agosto) modificou aquel prazo, para facelo coincidir co prazo de presentación das solicitudes de pagamentos directos para a campaña 2008/2009, polo que cómpre efectuar a modificación oportuna na orde desta consellería, do 30 de xaneiro de 2007, adaptándoa á normativa básica estatal.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.1.3 do EAG e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e no Decreto 562/2005, do 1 de decembro,

DISPOÑO:

Artigo único.-O prazo previsto no artigo 7.1º da orde desta consellería, do 30 de xaneiro de 2007 (DOG nº 22, do 31 de xaneiro) pola que se regula a aplicación do réxime do pagamento único e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandería, así como a indemnización compensatoria, no ano 2007, referido á presentación de solicitudes de dereitos de pagamento único con cargo á reserva nacional no 2008, establécese entre o 1 de febreiro e o 30 de abril de 2008, inclusive.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2007.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 10 de agosto de 2007 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos colectivos de xestión pesqueira, e se establece a súa convocatoria.

O Regulamento (CE) nº 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca, define para o seu período de programación, 2007-2013, o marco de apoio comunitario en favor do

desenvolvemento sustentable do sector pesqueiro. Neste marco establece a posibilidade de financiar medidas de interese público de maior alcance que as medidas que emprendan normalmente as empresas privadas, que contribúan á consecución dos obxectivos da política pesqueira común. Entre estas medidas, no artigo 37 regula as accións colectivas, definidas como medidas de interese público que se apliquen co apoio activo dos propios operadores ou de organizacións que actúen en nome dos produtores ou doutras organizacións recoñecidas polo Estado membro e que teñan por obxecto (entre outros) contribuír de forma sostible a mellorar a xestión ou conservación dos recursos; contribuír á transparencia dos mercados dos produtos da pesca e a acuicultura, incluída a trazabilidade; mellorar a calidade e a seguridade dos alimentos; desenvolver, reestruturar ou mellorar as zonas de produción da acuicultura; investir en equipamentos e infraestruturas de produción, transformación ou comercialización, incluídos os de tratamento de residuos; mellorar as aptitudes profesionais ou o desenvolvemento de novos métodos e ferramentas de formación; promover a cooperación entre científicos e profesionais do sector; ou mellorar a xestión e o control das condicións de acceso ás zonas de pesca.

En Galicia, a Lei 6/1993, de pesca, define as entidades de interese colectivo como calquera forma asociativa de dereito público ou privado, tales como confrarías, asociacións, cooperativas e organizacións constituídas por produtores de base e organizadas para desenvolver actividades consideradas na devandita lei, configurando así o abano de actores con protagonismo na xestión colectiva da actividade pesqueira no ámbito definido polo artigo 37 do Regulamento do FEP.

Existe xa unha tradición consolidada de participación destas entidades na xestión pesqueira galega a través de diversidade de mecanismos que permiten compartir esta tarefa coa Administración, ben sexa mediante a elaboración de plans de explotación, mediante a sinatura de convenios de colaboración para distintas actividades ou a participación en órganos de consulta, sen esquecer o papel de colaboradoras da Administración que lles confire ás confrarías de pescadores a súa lei reguladora.

Cómpre agora establecer e regular as bases doutro mecanismo de participación, a concesión de axudas públicas para a realización de actividades e consecución dos obxectivos arriba definidos, que garanta a aplicación dos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade e transparencia na xestión de fondos públicos.

Por todo o antedito, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras para a concesión, en réxime de con-

correncia competitiva, de subvencións a proxectos colectivos de xestión pesqueira.

Artigo 2º.-Marco normativo.

Para o outorgamento e execución destas subvencións atenderase ao disposto nas bases reguladoras establecidas nesta orde, así como nas normas seguintes:

a) Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca, e disposicións de desenvolvemento.

b) Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

c) Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e modificada polas leis 8/1999, do 30 de decembro, Lei 5/2000, do 28 de decembro, Lei 3/2002, do 29 de abril, Lei 7/2002, do 27 de decembro, Lei 9/2003, do 23 de decembro, e 14/2004, do 29 de decembro.

e) Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

g) Se é o caso, normativa reguladora da tramitación anticipada de expedientes de gasto (orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001).

Artigo 3º.-Crédito orzamentario.

1. As subvencións concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que en cada un dos anos de vixencia do actual Programa operativo FEP 2007-2013 sinala a correspondente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dotadas con fondos do FEP na súa medida 3.1 (accións colectivas) así como do Estado membro. No ano 2007, as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.723A.770.1 (proxecto 2007 00564) proxectos colectivos de xestión dos recursos mariños da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

2. Anualmente publicaranse os importes máximos de concesión de axudas na correspondente anualidade e nas sucesivas, para o caso de investimentos plurianuais. Os importes máximos das subvencións que se concedan no 2007 ascenderán a 9.800.000 euros, e distribuiranse nas seguintes anualidades:

-Anualidade 2007: 3.500.000 euros.

-Anualidade 2008: 2.450.000 euros.

-Anualidade 2009: 2.100.000 euros.

-Anualidade 2010: 1.750.000 euros.

3. Os importes consignados en cada convocatoria, así como as aplicacións ás que se imputen, poderán ser ampliados en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura de novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación

expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

Artigo 4º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións as entidades de interese colectivo definidas na Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia, como calquera forma asociativa de dereito público ou privado, tales como confrarías, asociacións, cooperativas e organizacións constituídas por produtores de base e organizadas para desenvolver actividades consideradas na dita lei, sempre que teñan a sede social e desenvolvan as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario aquelas entidades nas que concorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13, parágrafos 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. As entidades sinaladas no parágrafo primeiro deste artigo poderán concorrer de xeito individual ou conxuntamente, como unha agrupación de entidades. Neste último caso, deberán facer constar expresamente na solicitude que compromisos corresponderán a cada unha delas na execución das accións, así como o importe da subvención solicitada que corresponderá a cada unha delas. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, que será unha das entidades solicitantes, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que como beneficiario lle corresponden á agrupación. Os compromisos de participación conxunta, así como o nomeamento de apoderado, deberán ratificarse mediante documento outorgado ante o órgano de xestión unha vez notificada a concesión da axuda.

4. No caso de incumprimento por parte dunha agrupación de entidades, consideraranse responsables todos os beneficiarios integrados nela, en relación coas actividades subvencionadas que se comprometeren a realizar, ou solidariamente cando non fose posible determinar o alcance das obrigas correspondentes a cada un deles.

5. A agrupación non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo establece o artigo 11 desta lei.

Artigo 5º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios, ao formalizar a súa solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que se establecen nesta orde para a concesión e pagamento das subvencións, así como ao cumprimento dos requisitos estipulados na normativa de aplicación a estas.

2. Os beneficiarios deberán:

a) Realizar as actividades para as que se conceda subvención nos termos e prazos indicados na resolución de concesión e no proxecto que lles sirva de base.

b) Acreditar, mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

c) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se encontran ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

d) No caso de proxectos conxuntos, ratificar ante o órgano de xestión o acordo de colaboración para a execución do proxecto, unha vez notificada a concesión da axuda.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente á execución ou á consecución dos fins para os que foi concedida a axuda de que se trate.

f) Facilitar toda a información que lles sexa requirida en relación ás subvencións e someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a entidade concedente, así como aos órganos de fiscalización e control da comunidade autónoma, da Administración xeral do Estado e da Unión Europea.

g) Facer constar expresamente a participación financeira do FEP en todas as actividades de difusión ou promoción relacionadas coa actividade subvencionada.

h) Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o que se conceda a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de bens que se inscriban nun rexistro público, e de dous anos nos demais casos.

i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

3. De acordo co establecido no artigo 43 da Lei 14/2006, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2007, a presentación da solicitude de concesión de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, co fin de acreditar que o solicitante está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideren ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado.

Artigo 6º.-Proxectos obxecto de subvención.

1. Poderán ser obxecto de subvención de conformidade con esta orde os proxectos colectivos de xestión pesqueira que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia, referidos a un dos aspectos seguintes:

a) Asistencia técnica para a implantación de técnicas de semicultivo ou outras medidas técnicas para a

mellora da xestión dos recursos, tales como elaboración de plans de explotación, elaboración de proxectos de rexeneración de zonas de produción e outros. As entidades beneficiarias de subvención por este concepto quedarán obrigadas á realización das actividades que se sinalan no anexo I.

b) Control de acceso ao recurso. As entidades beneficiarias de subvención por este concepto quedarán obrigadas á execución das accións nas condicións que se sinalan no anexo II.

c) Acondicionamento e rexeneración para a mellora da produtividade dos bancos marisqueiros. Non se subvencionarán os labores habituais de mantemento dos bancos, propios da actividade marisqueira ordinaria.

d) Instalacións para semicultivo ou cultivo experimental de recursos mariños.

e) Medidas que melloren a cadea de comercialización, a cadea de custodia, a calidade e a seguridade alimentaria e que contribúan á transparencia dos mercados.

f) Proxectos e propostas de implementación de modelos de xestión de pesqueiras que permitan un desenvolvemento sostible das actividades pesqueiras.

g) Estudos relativos ás augas, zonas ou recursos pesqueiros ou marisqueiros.

De ser o caso, presentárase un proxecto diferenciado por cada unha das accións sinaladas neste parágrafo.

2. Non serán obxecto de subvención as accións que resulten financiábles segundo outras liñas de axudas convocadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

3. En función dos resultados acadados e das posibilidades orzamentarias, para os sucesivos períodos de convocatoria poderase excluír algunha das categorías incluídas no devandito número.

4. Poderanse presentar proxectos de carácter plurianual, sen que a súa duración poida exceder de catro exercicios orzamentarios. A subvención que neste caso se conceda aterase aos límites establecidos para os compromisos de gasto plurianuais no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 7º.-Gastos subvencionables.

1. Poderán concederse subvencións para os seguintes gastos, sempre que sexan necesarios para a execución dos proxectos referidos no artigo anterior:

a) Os de contratación de persoal imprescindible asociado ao proxecto.

b) Os de contratación de empresas ou entidades prestadoras de servizos.

c) Os de construción de instalacións de cultivo ou semicultivo, de tratamento de residuos e outro tipo de instalacións estritamente necesarias para a execución do proxecto.

d) Os de adquisición de equipamento e material necesario para desenvolver as accións.

e) Os de adquisición de semente de moluscos, coas seguintes condicións:

e.1. Cando se trate de semente de ameixa procedente de posta inducida, esta non deberá ser maior de 18 mm.

e.2. A ameixa procedente de bancos marisqueiros só se admitirá cando se trate de bancos catalogados como C, agás causas excepcionais suficientemente acreditadas. Non deberá ser maior de 35 mm, no caso de ameixa fina ou xaponesa, ou de 30 mm, no caso de ameixa babosa. Deberá garantirse unha permanencia no banco de destino de polo menos dous meses, ou prazo maior que se estableza na resolución.

e.3. Non se aplicarán as limitacións de talle no caso de sementeiras para a rexeneración de bancos que sufrisen mortalidade masiva, pero non poderá comercializarse antes do prazo dun ano desde a sementeira.

e.4. En calquera caso requirirase permiso de inmersión segundo o establecido no Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños.

e.5. Os de redacción de proxecto técnico, cando este resulte exixible pola normativa aplicable e sempre que a actuación a que se refira resulte subvencionada.

2. Consideraranse subvencionables os gastos do punto anterior realizados entre a data de presentación da solicitude e o 31 de decembro de 2013. No caso de investimentos consistentes en instalacións fixas ou que precisen de realización de obras, será requisito imprescindible para a concesión da axuda que os servizos da consellería certifiquen o non inicio dos investimentos con anterioridade ao comezo da execución.

Artigo 8º.-Gastos non subvencionables.

Non serán subvencionables os custos relativos a:

a) Alugamentos.

b) A adquisición de terreos e inmobles.

c) Os derivados da transformación de buques pesqueiros que causen baixa no rexistro da frota operativa.

d) A adquisición de material, mobiliario e equipamento de oficina.

e) A adquisición de vestiario, equipamento persoal e aparellos e materiais de pesca e marisqueo.

f) Os gastos de funcionamento, mantemento e conservación dos bens e equipamentos.

g) Os gastos de manutención, desprazamento de persoas e representación.

h) Os gastos de promoción comercial, así como os de divulgación das entidades, marcas ou produtos que non estean directamente asociados a un proxecto dos recollidos no artigo 6.

i) O IVE, agás nos casos en que se achegue certificado expreso do Ministerio de Facenda na porcentaxe non recuperable del.

j) A modernización ou acondicionamento de maquinaria, instalacións, locais, equipamentos, elementos auxiliares ou calquera outro tipo de ben, comprendi-

dos en proxectos de investimento cuxo financiamento se realizase con axudas públicas, durante os cinco anos inmediatamente anteriores á solicitude.

Artigo 9º.-Intensidade da axuda.

1. A porcentaxe máxima das axudas poderá acadar o 100% do investimento subvencionable en cada unha das accións, condicionada en todo caso ás disponibilidades orzamentarias. A comisión de avaliación poderá limitar a contía dos gastos elixibles que considere non xustificadas debidamente no proxecto, tanto en canto ao seu número como á súa valoración ou á súa necesidade.

2. No caso de se presentaren varios proxectos para accións substancialmente idénticas, poderase establecer unha contía de subvención para todas elas, independentemente do importe solicitado.

3. Os rendementos financeiros que se xeren polos fondos liberados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada.

4. Manterase a axuda pero minorarase na fase de pagamento se o investimento material realizado é, por causa debidamente motivada, de contía inferior á que se considerou subvencionable, e na mesma proporción.

Artigo 10º.-Compatibilidade da axuda.

A percepción destas axudas poderá ser compatible con calquera outra concedida para a mesma finalidade, sempre que non estea financiada por fondos europeos e que o conxunto delas non superen o custo das actividades subvencionadas.

Artigo 11º.-Prazos de solicitude e resolución.

1. Anualmente publicaranse os períodos de presentación de solicitudes para cada unha das anualidades 2008 a 2013. Para a anualidade 2007, o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde.

2. Antes do 30 de abril de cada ano realizarase unha única proposta de resolución comprensiva de todas as solicitudes presentadas no prazo de convocatoria correspondente á anualidade.

3. De non esgotarse o crédito dispoñible, ou de resultar incrementado este posteriormente en virtude de renuncias, de modificación de resolucións de outorgamento ou de dotacións orzamentarias adicionais, emitirase unha nova proposta de resolución antes do 30 de setembro, na que se terán en conta as solicitudes que formen parte da listaxe de reserva á que se refire o artigo 17º.2.

4. Aquelas solicitudes que non puideran ser atendidas na anualidade correspondente á convocatoria exclusivamente por falta de disponibilidades orzamentarias poderán ser tomadas en consideración na anualidade seguinte, logo de confirmación polo solicitante e sen que isto supoña preferencia ningunha como criterio de selección.

5. A resolución emitirase e notificaráselles aos interesados no prazo máximo de seis meses desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da corres-

pondente convocatoria anual. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución posibilitará que os interesados poidan entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

6. Para a anualidade 2007, non se aplicará o disposto nos parágrafos 2 e 3. A emisión de propostas de resolución regúlase na disposición transitoria desta orde.

Artigo 12º.-Forma de presentación de solicitudes e documentación necesaria.

1. As solicitudes dirixiranse á persoa titular da Delegación Territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos segundo o modelo que figura no anexo III a esta orde, que se poderá descargar en formato electrónico no punto Servizos de administración electrónica da páxina web <http://webpesca.xunta.es>. Presentaranse no rexistro desta Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ou no de calquera das súas delegacións territoriais e comarcais, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As solicitudes virán asinadas polo representante legal da entidade solicitante; se son formuladas por varias entidades conxuntamente deberán vir asinadas polo representante legal da entidade que exerza a representación de todas elas.

3. Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da personalidade:

a.1. Copia cotexada do documento nacional de identidade do asinante da solicitude.

a.2. Tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

a.3. Certificación do órgano competente na que se acredite o desempeño actual do cargo por parte do asinante e se especifique o acordo polo que se lle concede a este autorización para formalizar a solicitude. Se actuase en virtude de atribucións fixadas nos estatutos indicárase así na solicitude, citando a disposición que recolle a competencia.

a.4. Ademais, se o solicitante non é unha confraría de pescadores ou unha federación de confrarías, copia cotexada dos seus estatutos.

b) Antecedentes:

b.1. Memoria descritiva do historial produtivo da entidade solicitante nos últimos cinco anos, con especial referencia aos bancos, zonas de produción ou especies obxectivo aos que se dirixa o proxecto.

b.2. Memoria descritiva das accións emprendidas pola entidade solicitante nos últimos cinco anos dirixidas á mellora da xestión ou da produtividade das zonas explotadas, indicando o custo de cada unha delas e grao de consecución dos obxectivos esperados.

c) Proxecto para o cal se solicita a subvención, que deberá conter polo menos:

c.1. Explicación das necesidades que se pretende cubrir e obxectivos perseguidos.

c.2. Descrición das accións que se pretende emprender, calendario de realización e melloras esperadas con cada unha delas, con referencia expresa ás previsións de creación ou consolidación de emprego. No caso de que o proxecto poida desenvolverse por fases susceptibles de producir efectos independentes, farase constar de xeito expreso e describirase cada unha delas independentemente.

c.3. Proxecto técnico ou anteprojecto valorado, se é necesario.

c.4. De ser o caso, plano de localización das accións previstas.

d) Orzamento detallado de cada unha das accións propostas, no que o IVE deberá vir separado, segundo o anexo IV que se atopa dispoñible no punto Servizos de administración electrónica da páxina web <http://webpesca.xunta.es>.

e) No caso de instalacións fixas ou que precisen obras: solicitude de certificación de non inicio.

f) Declaración responsable sobre as fontes de financiamento previstas para cada unha das accións (recursos propios, préstamos, outras axudas...) conforme o anexo V.

g) Copia cotexada das concesións, autorizacións, permisos ou licenzas, segundo o caso, necesarias para levar a cabo os investimentos previstos e a súa posterior posta en produción.

h) Certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.

i) Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións, conforme o anexo VI.

j) No caso de solicitudes formuladas conxuntamente engadirase:

j.1. Un acordo de nomeamento do representante ou apoderado único para os efectos da subvención, asinado polos representantes de todas as entidades solicitantes.

j.2. A distribución dos compromisos que correspondan executar a cada un dos solicitantes, así como o importe da subvención solicitada para cada un deles.

4. A documentación anterior deberá achegarse por duplicado. Ademais, os documentos sinalados nas alíneas b), c) e d) deberán entregarse en soporte dixital.

5. No caso de solicitudes formuladas conxuntamente, deberá incluírse a documentación das alíneas a), b) f), h) e i) anteriores por cada un dos solicitantes.

6. A documentación sinalada nas alíneas c.2), d), j.1) e j.2) do número 3 considerarase mínimo imprescindible para a tramitación das solicitudes, de xeito que non serán admitidas aquelas nas que se aprecie a ausencia dalgún destes documentos.

Artigo 13º.-Emenda da solicitude.

1. Os órganos responsables da tramitación das solicitudes comprobarán que estas reúnen todos os requisitos recollidos nesta orde. No caso contrario poráse-lles de manifesto por escrito aos interesados, para que nun prazo de dez (10) días remitan cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para poder resolver o expediente, coa indicación de que, se así non o fixeren, se considerará que desistiron da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas polo órgano instructor, de conformidade co disposto no artigo 5º.3, resulta que o solicitante non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais ou das débedas coa comunidade autónoma.

2. Non se aplicará o disposto no número anterior ás solicitudes que non veñan acompañadas como mínimo da documentación sinalada nas alíneas c.2), d), j.1) e j.2) do número 3 do artigo 12 que non serán inadmitidas.

3. A documentación requirida para emenda da solicitude deberá ser presentada no rexistro da delegación territorial da Consellería de Pesca á que corresponda a tramitación do expediente, salvo que no escrito de requirimento se sinala outra cousa. A documentación presentada nun rexistro distinto poderá ser inadmitida se ten entrada no rexistro indicado no requirimento fóra do prazo inicial de 10 días conferido para a súa entrega.

4. Sen prexuízo do sinalado nos parágrafos precedentes, en calquera momento do procedemento, o servizo xestor poderá requirir á entidade solicitante para que remita aqueles datos ou documentos complementarios que resulten necesarios para a tramitación e adopción da resolución que proceda.

Artigo 14º.-Órganos de xestión e resolución.

1. A tramitación dos expedientes será realizada polos servizos correspondentes das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

2. A resolución correspóndelle ao delegado ou delegada territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos competente en función do ámbito territorial da entidade beneficiaria ou da representante, no caso de proxectos conxuntos. No suposto de entidades cuxo ámbito exceda dunha delegación territorial, para determinar a competencia estarase á localización do domicilio social da entidade.

Artigo 15º.-Comisión de avaliación.

1. Unha vez completos os expedientes, serán remitidos a unha comisión de avaliación constituída na Dirección Xeral de Recursos Mariños que os examinará e valorará logo de aplicar os criterios que se sinalan no artigo seguinte. O resultado da avaliación reflectirase nun informe que se incorporará ao expediente.

2. A comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros:

Presidente: director/a xeral de Recursos Mariños.

Vogais: un funcionario adscrito á Dirección Xeral de Recursos Mariños e un funcionario por cada unha das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, designados polo presidente.

Un dos vogais da comisión actuará como secretario.

No caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros da comisión poderán ser substituídos por quen designe o seu presidente.

A comisión poderá actuar asistida polos asesores que xulgue convenientes.

Artigo 16º.-Criterios de avaliación.

1. A comisión valorará os proxectos segundo os seguintes criterios, ponderados co valor que se indica en cada caso:

a) Relevancia dos obxectivos pretendidos e grao de necesidade de emprender o investimento para acadar o fin previsto, tendo en conta o custo necesario para a súa consecución: ata 4 puntos.

b) Calidade técnica do proxecto: ata 2 puntos.

c) Proxectos presentados por colectivos de mulleres, ou dos que resulten beneficiarios principalmente colectivos de mulleres, naqueles subsectores nos que estean infrarrepresentadas: ata 1 punto.

d) Porcentaxe do custo asumido polo solicitante: ata 1 punto.

e) Efectos beneficiosos sobre o ambiente: ata 1 punto.

f) Proxectos avalados ou participados por entidades ou institucións públicas ou privadas de recoñecida relevancia: ata 1 punto.

g) Resultados obtidos por outros proxectos realizados anteriormente pola entidade solicitante: os resultados negativos poderanse penalizar con ata 1 punto.

2. As embarcacións e vehículos de vixilancia priorizaranse en último lugar, de xeito que só poderán ser subvencionados se existisen remanentes de crédito unha vez atendidos os demais proxectos. Daráselle preferencia ás embarcacións sobre os vehículos terrestres.

3. A comisión poderá considerar non-viables determinados proxectos ou actuacións e, en consecuencia, acordar a non-procedencia de concesión de subvención.

Artigo 17º.-Proposta de resolución.

1. Logo de deliberación, o presidente da comisión avaliadora formularalle ao órgano concedente, a través do instructor, proposta de resolución que indicará de xeito individualizado os beneficiarios, os proxectos seleccionados e as accións para as que se propón a subvención, así como o importe da subvención proposta para cada unha delas.

2. Establecerase unha listaxe de reserva con aquelas solicitudes que, reunindo os requisitos establecidos na orde de convocatoria e sendo considerados viables pola comisión, non acadaran a puntuación nece-

saría para ser seleccionados por falta de crédito. No caso de disponibilidades orzamentarias adicionais de conformidade co disposto no artigo 11º.3, emitirase unha nova proposta na que se terán en conta as solicitudes da listaxe de reserva.

Artigo 18º.-Resolución.

Á vista da proposta de resolución, e logo da preceptiva fiscalización do gasto, o órgano competente emitirá resolución motivada pola que se outorguen ou deneguen as subvencións solicitadas.

Artigo 19º.-Aceptación.

No prazo de dez (10) días desde a notificación da resolución os interesados deberán comunicar a aceptación ou rexeitamento da subvención nas condicións expresadas nela. De non facelo, entenderase que renuncian á subvención.

Artigo 20º.-Recursos.

1. As resolucións, expresas ou presuntas, que recaían ao abeiro desta orde non porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso de alzada perante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquer outro que consideren procedente.

Contra a resolución do recurso de alzada poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción de tal resolución, se fose expresa, ou, de non selo, no de seis meses desde que se entenda desestimado tal recurso de alzada por silencio administrativo.

2. Contra estas bases reguladoras, cuxa aprobación pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, tamén se poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano desta xurisdición, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 21º.-Modificacións.

1. Calquera modificación que se pretenda realizar nos investimentos inicialmente previstos, tanto no referente ao orzamento como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e deberá ser posta en coñecemento desta sempre con anterioridade á súa realización.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais e internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 22º.-Xustificación e pagamento.

1. Con carácter xeral, e salvo que na resolución de concesión se indique un prazo maior, os investimentos correspondentes a cada anualidade deberán xustificarse antes do 15 de novembro do exercicio económico de que se trate. Este prazo poderá ser, así mesmo, prorrogado por resolución expresa do órgano concedente, logo de solicitude do beneficiario e por causas debidamente motivadas. Cando a prórroga solicitada implique a ampliación ou modificación das anualidades da subvención concedida, o seu outorgamento requirirá a correspondente fiscalización previa.

2. Para o cobramento da subvención concedida as entidades beneficiarias deberán presentar dous exemplares da documentación que se sinala a seguir (orixinal ou copia cotexada, agás que se indique o contrario) no prazo establecido no parágrafo anterior, e no lugar e forma sinalados no artigo 12 desta orde:

a) Xustificación de ter realizado as accións para as que se concedeu a subvención, mediante os seguintes documentos:

a.1. Informe técnico en que se describa a realización das accións e os datos e incidencias máis significativas na súa execución, que inclúa reportaxe fotográfica cando sexa procedente.

a.2. Relación de custos individualizados por cada actuación, con e sen IVE.

a.3. Facturas orixinais correspondentes aos custos sinalados na relación. Os xustificantes orixinais serán marcados cun carimbo da Dirección Xeral de Recursos Mariños, indicando a subvención para cuxa xustificación foron presentados.

a.4. No caso de contratación de persoal: contrato formalizado e selado polo INEM, nóminas, TC1, TC2 e documento de declaración e liquidación do IRPF correspondente, así como documentación acreditativa do cumprimento das condicións das alíneas a) e b) do anexo II, de ser o caso. Os xustificantes orixinais serán marcados na forma sinalada na alínea anterior.

a.5. Extractos das contas, ordes de transferencia, talóns ou certificacións bancarias que xustifiquen a efectiva realización dos gastos, así como o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios ás actividades subvencionadas.

a.6. No caso de que as accións obxecto de subvención sexan de realización periódica e sucesiva e se prevexa a súa finalización con posterioridade á data límite de xustificación de investimentos, se non é posible achegar a documentación sinalada nos puntos a.3), a.4) e a.5) anteriores para os gastos posteriores a esta data límite, poderá recoñecerse a obriga de pagamento sempre que o beneficiario achegue o contrato laboral ou de servizos no que se acredite a súa data de finalización, así como certificación do beneficiario acerca da efectiva realización das accións e do grao de execución que se prevé acadar. Non obstante, para o efectivo pagamento da subvención deberá achegarse posteriormente a documentación descrita nos anteriores puntos a.3), a.4) e a.5).

b) Certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.

c) Certificado bancario acreditativo da titularidade e identificación da conta para o pagamento da axuda.

d) No caso de proxectos solicitados conxuntamente por varias entidades, documento formalizado ante o órgano de xestión no que se recollan os compromisos que correspondan a cada un deles, así como nomeamento de apoderado único.

e) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no caso de execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá presentar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, solicitadas con anterioridade á contratación, agás que se xustifique que polas especiais características dos gastos non existe no mercado suficiente número de entidades que o presten, ou que o gasto se fixera con anterioridade á solicitude de subvención. A elección das ofertas presentadas deberá xustificarse expresamente cando non recaía na proposta máis económica, e en calquera caso deberá responder a criterios de eficiencia e economía.

3. Os servizos correspondentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos emitirán certificado sobre o grao de realización do investimento, así como da súa adecuación, tanto ao proxecto que serviu de base para o outorgamento da axuda, como aos xustificantes de gasto presentados.

4. Poderán presentarse xustificacións parciais a medida en que se vaian executando as accións. Os pagamentos parciais non poderán superar o 80% do total da subvención concedida nin superar o importe da correspondente anualidade, e quedarán condicionados á efectiva realización completa do proxecto e á liquidación definitiva da subvención. Os pagamentos parciais están suxeitos á prestación de garantía nos termos sinalados no artigo 24º. Non se considerará que un pagamento é parcial cando comprenda a totalidade da subvención correspondente a unha fase do proxecto susceptible de producir efectos independentes, sempre que así se recolla expresamente na resolución de concesión.

5. No caso de actuacións plurianuais, se a materialización e o pagamento do investimento se anticipase ao calendario establecido na resolución de concesión e non fose posible o reaxuste das anualidades de subvención, o pagamento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento das anualidades posteriores sempre que se obtivese a conformidade do órgano competente para a concesión da axuda.

6. O pagamento da primeira e sucesivas anualidades terá carácter de ingreso a conta e a súa consolidación estará condicionada á finalización das actividades obxecto da axuda. No caso de que o solicitante non cumprise cos requisitos exixidos estará obrigado

ao reintegro da axuda nos termos previstos no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

7. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución.

Artigo 23º.-Pagamento anticipado.

Por resolución motivada do órgano concedente, e logo de solicitude dos interesados, poderá autorizarse un anticipo de ata un 50% da subvención prevista para a anualidade naqueles casos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos. Os pagamentos anticipados están suxeitos á prestación de garantía nos termos sinalados no artigo 24º.

Artigo 24º.-Garantías.

1. Será obrigatoria a prestación de garantías para a expedición de anticipos ou pagamentos parciais nos seguintes supostos:

a) Anticipos que superen o importe de 30.050 euros.

b) Pagamentos parciais cando a contía da subvención exceda de 30.050 euros.

2. A garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que se depositará na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia, e deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación da axuda.

3. A garantía deberá cubrir o importe dos anticipos ou pagamentos fraccionados xunto cos xuros deste calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data de solicitude e como mínimo a data sinalada no número 2.

4. As garantías serán liberadas logo de que se comprobe a realización do proxecto ou das accións independentes que o compoñan.

Artigo 25º.-Reintegro.

Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención concedida e dos xuros de mora que se teña dereito a percibir desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos sinalados no artigo 78.10º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Artigo 26º.-Publicidade.

1. A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con suxeición a esta orde indicando o programa e

crédito orzamentario a que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial (<http://www.webpesca.xunta.es>) a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Disposición transitoria

Unicamente con vixencia para o exercicio 2007 teranse en conta as seguintes normas en canto aos investimentos elixibles e emisión de propostas de resolución:

a) As solicitudes presentadas para a anualidade 2007 serán contempladas nunha única proposta de resolución, que se realizará no cuarto trimestre deste ano.

b) Para a convocatoria 2007 non poderán presentarse proxectos dos sinalados nas letras a) e b) do número 1 do artigo 6º.

c) Consideraranse subvencionables os investimentos realizados desde o 1 de xaneiro de 2007. A certificación de non inicio só será exixible para aqueles investimentos consistentes en instalacións fixas ou que precisen de realización de obras que non se iniciaran na data de publicación desta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non previsto nesta orde observarase o disposto na normativa mencionada no artigo 2 (marco normativo) e tamén as prescricións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Facúltase o director xeral de Recursos Mariños para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Non obstante, a concesión das axudas establecidas nela queda condicionada á aprobación do Programa operativo do Fondo Europeo de Pesca pola Comisión Europea.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2007.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO I

Actividades que se compromete a executar o beneficiario de subvencións para asistencia técnica na xestión dos recursos

* Mostraxes dos bancos marisqueiros da área da entidade cunha periodicidade como mínimo semes-

tral, de acordo coa importancia do banco, nivel de datos dispoñibles, etc., salvo outra periodicidade requirida pola Administración.

* Mostraxes menos formais e máis frecuentes en bancos marisqueiros, atendendo principalmente á proporción de individuos de talle legal na poboación e ao tamaño medio dos exemplares.

* Remisión de informes das mostraxes aos servizos técnicos da delegación territorial correspondente da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

* Asesoramento á entidade para a explotación racional do recurso.

* Elaboración, xestión técnica e seguimento dos plans de explotación da entidade.

* Obtención da CPUE diaria de cada especie, a partir dos datos diarios do número de mariscadores e da captura total de cada especie-recurso para ter unha estimación indirecta do estado dos bancos. Remisión mensual dos datos á delegación territorial para as aperturas mensuais.

* Envío de mostraxes do estado sanitario das augas e especies marisqueiras ao INTECMAR.

* Seguimento, control e planificación dos proxectos de rexeneración e mellora da produtividade.

* En xeral, seguimento das instrucións que sexan dadas pola Dirección Xeral de Recursos Mariños para a implantación e seguimento das medidas de xestión.

* O inicio, interrupción ou finalización dos servizos de asistencia técnica deberá ser comunicado aos servizos técnicos da consellería no prazo máximo dunha semana desde que se produza o feito.

ANEXO II

Condicións que se compromete a cumprir o beneficiario de subvencións para o control de acceso ao recurso

a) O persoal de control e vixilancia deberá ter a habilitación como garda particular de campo, especialidade de gardapesca marítimo.

b) Os patróns e tripulantes de embarcacións cuxa dedicación non sexa a vixilancia, senón o manexo das embarcacións, deberán estar capacitados para facelo.

c) O persoal de vixilancia actuará baixo a supervisión do Servizo de Gardacostas e en colaboración con este, estando obrigados a remitirle ao servizo os datos e informes que lles sexan requiridos.

d) O inicio, interrupción ou finalización da prestación dos servizos deberá ser comunicado ao Servizo de Gardacostas da consellería no prazo máximo dunha semana desde que se produza o feito.

e) Con antelación mínima dunha semana, o beneficiario deberá trasladarlle ao Servizo de Gardacostas a programación semanal das actividades de vixilancia e control. Con periodicidade mensual deberá dar traslado ao dito servizo dun informe das actividades realizadas.



XUNTA DE GALICIA

ANEXO III



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SUBVENCIONS A PROXECTOS COLECTIVOS DE XESTIÓN PESQUEIRA	PE209A	SOLICITUDE

PROXECTO INDIVIDUAL

PROXECTO CONXUNTO

DATOS DO SOLICITANTE (OU APODERADO ÚNICO NO CASO DE PROXECTOS CONXUNTOS)

NOME DA ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELEFAX

E, na súa representación

NOME E APELIDOS		NIF/CIF	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELEFAX

OBJECTO

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	
IMPORTE SOLICITADO	LOCALIZACIÓN
OBJECTO DO PROXECTO (ART. 5) : marcar unha soa opción	
☐ Asistencia técnica	☐ Instalacións cultivo
☐ Control de acceso ao recurso (nº efectivos)	☐ Comercialización
☐ Rexeneración bancos	☐ Proxecto xestión pesqueira
	☐ Estudos

DECLARO: que a/s entidade/s que represento reúne/n todos os requisitos da convocatoria.**ACEPTO:** o compromiso de someterme ás normas da convocatoria e facilitar a información e documentación que se solicite.**AUTORIZO O ÓRGANO XESTOR:**

-Para obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade que represento está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e sociais e non ten débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia.

-Para facer públicos nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvención recibidas, así como ás sancións impostas, se é o caso.

LEXISLACIÓN APLICABLE	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
<i>Orde do 10 de agosto de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos colectivos de xestión pesqueira, e se establece a súa convocatoria.</i>	RECIBIDO	
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
<i>Lugar e data</i>		
		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO III
(continuación)

RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A SOLICITUDE

☐

Copia cotexada do documento nacional de identidade do asinante da solicitude.

☐

Tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

☐

Certificación do órgano competente na que se acredite o desempeño actual do cargo por parte do asinante e se especifique o acordo polo que se lle concede autorización para formalizar a solicitude ao asinante.

☐

Copia cotexada dos estatutos da entidade solicitante (só se non é unha confraría).

☐

Memoria de antecedentes.

☐

Proxecto para o que se solicita a subvención.

☐

Orzamento detallado de cada unha das accións propostas.

☐

Solicitude de certificación de non inicio.

☐

Declaración responsable sobre as fontes de financiamento previstas (ANEXO V).

☐

Copia cotexada das concesións, autorizacións, permisos ou licenzas necesarios.

☐

Certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.

☐

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións (ANEXO VI).

☐

Só para solicitudes conxuntas: acordo de nomeamento do representante ou apoderado único para os efectos da subvención.

☐

Só para solicitudes conxuntas: acordo de distribución entre os solicitantes dos compromisos que corresponda executar e do importe da subvención solicitada para cada un deles.

ANEXO IV
Orzamento

DATOS DO PROXECTO

SOCILITANTE/S:

NOME DO PROXECTO:

LOCALIZACIÓN:

CONTRATACIÓN DE PERSOAL

	POSTO DE TRABALO	CATEGORÍA	Nº EFECTIVOS	MESES	SALDO NETO	IRPF	SEG.SOCIAL	TOTAL INDIV	TOTAL
ANO 1									
ANO 2									
ANO 3									
ANO 4									
TOTAL A)									

EMPRESAS SERVIZOS

	CONCEPTO	MESES	IMPORTE
ANO 1			
ANO 2			
ANO 3			
ANO 4			
TOTAL B)			

OUTROS (SEMENTE, EQUIPAMENTOS, INSTALACIÓNS...)

	CONCEPTO	IMPORTE
ANO 1		
ANO 2		
ANO 3		
ANO 4		
TOTAL C)		

TOTAL ORZAMENTO

	IMPORTE
ANO 1	
ANO 2	
ANO 3	
ANO 4	
TOTAL	

Lugar e data

,

de

de 200

Asdo.:

INSTRUCCIÓN:

1. Cubra un formulario diferente para cada proxecto presentado (segundo os puntos do artigo 6-1º da orde).

2. Cubra só os cadros en branco, os totais calcularanse automaticamente.

3. Pode introducir tantas filas necesite para cubrir todos os conceptos de gasto que correspondan a cada ano.

4. Para asignar os gastos a cada unha das anualidades do proxecto, teña en conta as regras de xustificación do artigo 22 da orde. En particular, teña en conta que os custos que se imputen a cada ano deberán xustificarse como efectivamente pagados antes de 15 de novembro do correspondente ano, coa única excepción do artigo 22-a-6º (gastos periódicos, de tracto sucesivo, que se estean a realizar con normalidade pero cuxo pagamento non se poida xustificar antes do 15 de novembro, tales como os custos de nóminas e Seguridade Social dos meses de novembro e decembro).

5. Os importes deben indicarse sen IVE.

6. Este documento debe presentarse en papel, debidamente asinado.

ANEXO V

DECLARACIÓN DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO

representante de entidade	
solicitante de subvención para o proxecto colectivo de xestión pesqueira do que se indican os datos	
Denominación do proxecto:	

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE ABAIXO FIGURAN ACERCA DO FINANCIAMENTO DO PROXECTO:

Axudas concedidas:

☐ Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.	
☐ Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.	
Tipo de axuda	Importe
Convocatoria no <i>Diario Oficial</i>	Data da convocatoria
Data de resolución	
Entidade concedente	

Axudas solicitadas:

☐ Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.	
☐ Si solicitei axuda para este mesmo proxecto.	
Tipo de axuda	Importe
Convocatoria no <i>Diario Oficial</i>	Data da convocatoria
Data de resolución	
Entidade concedente	

Outras fontes de financiamento para o proxecto:

Recursos propios: importe	
Préstamos: importe	
Entidade	
Otros (especificar)	

Lugar e data

, de de 200

Asdo.:

ANEXO VI

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIONES

representante de entidade

solicitante de subvención para o proxecto colectivo de xestión pesqueira do que se indican os datos:

Denominación do proxecto:

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

-Que non estou incursado/a en ningún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin desempeño ningún dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral.

E QUE A ENTIDADE QUE REPRESENTO:

Non está incursa en ningunha circunstancia que a inhabilite para ser beneficiaria de axudas e subvencións e en particular:

- Non foi condenada mediante sentenza firme á pena de perda de posibilidade de obter subvencións e axudas públicas.
- Non solicitou a declaración de concurso nin se encontra en tal situación, non foi declarada insolvente, non está suxeita a intervención xudicial nin foi inhabilitada conforme a Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- Non deu lugar, por causa da que fose declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato realizado coa administración.
- Non foi sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou a Lei xeral tributaria.
- Non ten pendente de pagamento nengunha obriga por reintegro de subvencións.

Lugar e data

, de de 200

Asdo.:

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA**

Resolución do 21 de agosto de 2007, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 011 do grupo V (limpador/a, fregador/a, e outras) de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polo que se fan públicas as puntuacións do segundo exercicio da fase de oposición.

En sesións que tiveron lugar os días 30 de xullo e 21 de agosto de 2007, o tribunal designado pola

Orde do 9 de abril de 2007 (DOG, número 72, do 13 de abril), para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 011 (limpador/a, fregador/a e outras), do grupo V, do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, quendas de promoción interna e de acceso libre, convocado polas ordes do 21 de febreiro de 2006 (DOG número 81, do 27 de abril), acordou:

1. Anular a pregunta número 1, correspondente ao segundo exercicio da fase de oposición para as quendas de acceso libre e promoción interna, vistas as reclamacións presentadas contra o citado exercicio.

De conformidade co disposto na base II.3.7 da convocatoria, contra este acordo poderá interpoñerse